

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2023 aprobou o *Acordo para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario e para o establecemento do complemento de desempeño do persoal laboral no ámbito do Persoal de Administración e Servizos da Universidade de Santiago de Compostela*, nos termos do documento adxunto, pendente de informe do Consello Social.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ACORDO DO 26 DE XANEIRO DE 2023, DO CONSELLO DE GOBERNO, POLO QUE SE APROBA O ACORDO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA TRANSITORIO DE RECOÑECIMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA ADMINISTRATIVA DO PERSOAL FUNCIONARIO E PARA O ESTABLECIMENTO DO COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO DO PERSOAL LABORAL NO ÁMBITO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Visto o acordo adoptado o 27 do decembro de 2022 pola Mesa Xeral de Persoal de Administración e Servizos da Universidade de Santiago de Compostela, que debe ser aprobado de forma expresa e formal para a súa validez e eficacia a tenor do regulado no artigo 154.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, por proposta da Xerencia, o Consello de Goberno na sesión do día 26 de xaneiro de 2023,

ACORDA

1. Aprobar expresa e formalmente o Acordo do 27 de decembro de 2022 da Mesa xeral do Persoal de Administración e Servizos, e que figura como anexo do presente acordo.
2. Elevar o acordo ao Consello Social para que o informe no marco das súas competencias.

ACORDO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA TRANSITORIO DE RECOÑECIMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA ADMINISTRATIVA DO PERSOAL FUNCIONARIO E PARA O ESTABLECIMENTO DO COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO DO PERSOAL LABORAL NO ÁMBITO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), establece como dereito individual a promoción profesional definindo a carreira como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Xa que logo o TREBEP é norma básica e deixa ás leis de función pública das CCAA, a regulación e desenvolvemento do seu propio esquema de carreira, Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, desenvolve no capítulo II do título VI, a promoción profesional e a avaliación do desempeño. En concreto o artigo 77 regula a carreira horizontal para o persoal funcionario de carreira, supeditando a súa aplicación ao seu desenvolvemento regulamentario.

En ausencia dese regulamento, a disposición transitoria oitava da Lei 2/2015 establece a posibilidade de desenvolver un sistema transitorio de recoñecemento da progresión da carreira administrativa, complementario ao grao persoal e configurado como unha retribución adicional ao complemento de destino.

Pola súa banda, para o persoal laboral cómpre establecer un complemento equivalente ao establecido para o persoal funcionario e que, acolléndonos á denominación prevista para o persoal laboral da Xunta de Galicia, se nomeará complemento de desempeño e que se configura en contía e condicións equivalentes.

A Universidade de Santiago de Compostela non implantou ningún dos complementos mencionados a diferenza doutras administracións territoriais e universitarias. O desenvolvemento dun sistema de carreira profesional para o persoal funcionario e do complemento de desempeño análogo para o persoal laboral, require dun deseño e que permita avaliar e recoñecer a progresión profesional no posto, adaptado ás singularidades dos grupos e categorías profesionais existentes. Este proceso, que require dun tempo para a súa reflexión e negociación coa representación do persoal, non impide a posta en marcha dun sistema transitorio nos mesmos termos que outras administracións, como a Xunta de Galicia. Con esta finalidade, subscríbese este acordo que permite o acceso ao grao I de xeito transitorio.

Este acordo divídese en tres seccións, a primeira relativa ás disposicións xerais, a segunda sobre o acceso transitorio ao grao I e a última coas disposicións relativas á comisión de seguimento, a negociación do sistema ordinario de carreira profesional e a vixencia do acordo.

No uso das competencias atribuídas polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e pola Resolución reitoral do 21 de abril de 2022 sobre delegación de competencias en determinados órganos, o xerente en representación da Universidade de Santiago de Compostela e as organizacións sindicais CCOO, CIG e FeSP-UGT, subscribiron o 27 de decembro de 2022 o seguinte,

ACORDO

SECCIÓN PRIMEIRA

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto deste acordo é articular o sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario e o establecemento do complemento de desempeño do persoal laboral, ambos os dous no ámbito do persoal de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela, o procedemento de acceso transitorio ao grao I do persoal de administración e servizos (en adiante PAS) da USC.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo*

Este acordo é de aplicación ao seguinte persoal:

- a) Persoal funcionario de carreira
- b) Persoal funcionario interino
- c) Persoal laboral fixo
- d) Persoal laboral temporal

Artigo 3. *Complemento retributivo*

O grao I que se articula de xeito transitorio neste acordo aboarase mediante unha retribución complementaria de carácter fixo para o corresponden corpo, escala ou especialidade no suposto do persoal funcionario e como un complemento de desempeño no suposto do persoal laboral.

As contías anuais que se perciban por esta retribución devindicaranse en 12 mensualidades coa seguinte contía:

Grupo/Subgrupo	Complemento en termos anuais do grao I
Grupo 1/A1	2.627,96 €
Grupo 2/A2	1.839,18 €
Grupo 3/C1	1.186,09 €
Grupo 4/C2	1.006,68 €

Estas contías serán actualizadas anualmente coa porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos para a retribución do persoal do sector público.

O complemento percibirase, en todo caso, na situación de servizo activo.

Artigo 4. *Efectos económicos*

En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento deste complemento adicional correspondente ao grao I recoñecido terá efectos económicos desde o día 1 de xaneiro cada ano, coa distribución que se indica de seguido:

- En 2023 o 50%, que poderá aumentar ata o 60% no suposto de que no último trimestre se constate que non se executou nos termos previstos a partida do Plan de PAS dos orzamentos. Esta avaliación realizarase antes do 30 de outubro, unha vez elaborado o peche provisional de contas.

- En 2024, sempre que as dispoñibilidades económicas e legais o permitan, o restante ata completar o 100%.

Artigo 5. *Requisitos xerais de acceso ao grao I no sistema transitorio*

O persoal incluído no ámbito de aplicación deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en situación de servizo activo. O grao que se recoñecerá será o correspondente ao grupo ou subgrupo de pertenza na dita data. Para os efectos de completar o período de permanencia, computarase o tempo transcorrido na situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza.

- Ter a condición de persoal de administración e servizos na USC a 31-12-2022 cunha antigüidade de 5 anos.

- Acreditar de conformidade co previsto na convocatoria que non foi obxecto de sanción disciplinaria nos últimos 5 anos ou que, de existir, xa estea prescrita.

- Cumprir algún dos requisitos específicos previstos para o acceso ao grao I no artigo 9.

Artigo 6. *Procedemento*

No primeiro trimestre de 2023 realizarase unha convocatoria na que o persoal de administración e servizos da USC disporá dun prazo de presentación de solicitudes de forma electrónica a través dun modelo normalizado dispoñible no Catálogo de procedementos da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela

Artigo 7. *Valoración das solicitudes*

A Xerencia estimará as solicitudes tras comprobar o cumprimento dos requisitos. No caso de apreciar a falta dalgún destes requisitos, requiriráselle á persoa solicitante para que os acredite no prazo que se estableza na convocatoria.

Artigo 8. *Resolución*

O prazo máximo de resolución é de 3 meses a contar desde a data final de presentación das solicitudes.

SECCIÓN SEGUNDA

Acceso transitorio ao Grao I

Artigo 9. *Requisitos específicos de acceso ao grao I no sistema transitorio*

Para o réxime transitorio de acceso ao grao I o persoal ao que lle é de aplicación este acordo, debe cumprir algún dos seguintes requisitos específicos:

a) Formación recibida: asistencia e, de ser o caso, superación de cursos organizados e impartidos por escolas, centros ou organismos oficiais, cursos ofertados no marco dos acordos de formación para o emprego das administracións públicas e cursos impartidos por organizacións sindicais sempre que estean homologados por organismos oficiais. Para estes efectos, tamén serán considerados os cursos de lingua galega (iniciación, perfeccionamento, medio ou superior de linguaxe administrativa galega ou o ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas) homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, sempre que sexan dun nivel superior ao requirido para o desempeño do posto de traballo no correspondente corpo, escala ou categoría profesional.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica. Tampouco se valorarán módulos separados dun determinado curso.

A suma de todos os cursos debe acadar un mínimo de 40 horas.

Excepcionalmente poderá acollerse a este criterio aquel persoal con máis de 20 anos de servizos prestados que non acade as 40 horas de formación sempre que o xustifique na solicitude.

b) Formación impartida: nos mesmos supostos que na letra a) impartidos por empregados públicos que soliciten o acceso ao grao I. A suma de todos os cursos impartidos debe acadar un mínimo de 10 horas.

c) Realización de todos os cursos de doutoramento ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora, segundo os Reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA), o título de doutor/máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, ou especialista universitario.

d) Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Administración pública.

e) Dous anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente.

f) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do Goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos

estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores.

g) Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.

e) Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores/as convocado pola Axencia Galega de Innovación.

SECCIÓN TERCEIRA

Desenvolvemento e seguimento do acordo

Artigo 10. *Comisión de seguimento*

Constitúese unha Comisión de Seguimento coas funcións de vixilancia, interpretación e control do acordo que estará composta por un membro de cada unha das organizacións sindicais asinantes e pola Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, que a presidirá.

A Comisión de Seguimento reunirse por iniciativa da presidencia ou da maioría dos representantes da parte social.

Artigo 11. *Sistema ordinario*

No prazo de tres meses desde a sinatura deste acordo a Xerencia proporalle ás organizacións sindicais o calendario de negociación durante o ano 2023 para o sistema ordinario de recoñecemento da carreira administrativa e de recoñecemento do complemento de desempeño, co obxecto de realizar a súa implantación no ano 2024.

No suposto de que non se acorde o sistema ordinario, no seo da Comisión de seguimento desenvolverase un sistema transitorio para acceder ao grao II que será de aplicación no 2024.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

O presente acordo entrará en vigor no momento da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

E para que así conste, asinan o presente acordo as seguintes persoas, o 27 de decembro de 2022 en Santiago de Compostela,

En representación da Universidade,

Antonio Javier Ferreira Fernández

Xerente da Universidade de Santiago de Compostela

En representación das organizacións sindicais,



Catuxa Lombao Vázquez
Comisións Obreiras (CCOO)



Xosefina Rosa Guitián Lema
Confederación Intersindical Galega (CIG)



José Ramón Bahamonde Hernández
Unión General de Trabajadores FeSP-UGT

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/02/2023 19:28:15.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/02/2023 18:54:21.

CSV: 0C1A-2CC9-4F16-B3B9